

Intervención do presidente do Parlamento de Galicia no acto de entrega das Medallas do Parlamento de Galicia 2019

Salón dos Reis do Parlamento de Galicia, 6 de abril de 2019 / 12,00h.

- Presidente da Xunta de Galicia,
- Galardoados e galardoadas coas Medallas do Parlamento de Galicia,
- Delegado do Goberno,
- Alcalde de Santiago,
- Xeneral xefe da Forza Loxística Operativa,
- Exresidentas e expresidentes do Parlamento,
- Conselleiras e conselleiros da Xunta de Galicia,
- Membros da Mesa do Parlamento,
- Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia,
- Portavoces, deputados e senadores,
- Arcebispo de Santiago,
- Reitor da Universidade da Coruña,
- Representantes consulares estranxeiros,
- Autoridades e representacións,
- Señoras e señores:

Bo día e moitas grazas a todas e a todos por honrarnos coa súa presenza neste acto no que, seguramente por vez primeira, Galicia enteira, a representada neste Parlamento, distingue e galardoa a emigración galega, o conxunto dos homes e mulleres de Galicia que nalgún momento das súas vidas, en calquera etapa histórica, se viron na obriga de abandonar o seu universo vital na procura de horizontes mellores.

Saúdo tamén os espectadores e os oíntes que nos seguen en directo a través da Televisión de Galicia e da Radio Galega.

Como sinala, atinadamente, o acordo de concesión —por unanimidade— das Medallas do Parlamento de Galicia, a emigración é a gran epopea do pobo galego, tan chorada, cantada ou novelada, como descoñecida para o gran público nalgúns dos seus aspectos.

Persoas de procedencia xeralmente rural e moi limitada bagaxe educativa e escasa experiencia vital desembarcaban de golpe nun contorno urbano, cunha cultura e unha lingua moitas veces descoñecidas, e mesmo cun clima radicalmente diferente. Esta realidade, unida ás dificultades de comunicación de outrora, cando unha carta podía tardar varias semanas en chegar ao seu destino, propiciaba intensos sentimientos de desarraigado, non sempre superados co paso do tempo.

Sen embargo, ningunha dificultade, por intensa que esta fose, impidiu que cada emigrante se esforzase en ofrecer sempre o mellor de si, converténdose axiña en exemplo de laboriosidade; paradigma de persoas traballadoras, honestas e leais, ata o punto de blindar estas características como un imperecedoiro sinal de identidade que arresta identifica ao noso pobo en calquera lugar do mundo.

Dixo Castelao, emigrante na súa infancia e exiliado ao final da súa vida, que «Hai unha forza que nos empurra cara o mundo e outra que nos xunge á terra nativa, pois se os camiños nos tentan a camiñar é porque deixamos unha luz acesa sobor da casa en que fomos nados, e alí nos agarda o fin da vida. Andar, andar, andar, e no remate dos traballos devolverlle á terra o corpo que ela nos emprestou».

Reflexión atinada dun dos grandes coñecedores da alma galega e que describe a permanente ansia de retorno dos emigrantes galegos, obxectivo que, certamente, só estivo ao alcance dunha minoría.

A emigración galega é un movemento de dimensións incommensurables, protagonizada por non menos de dous millóns de paisanos nosos e só superada en magnitude pola irlandesa. Fenómenos que hai que analizar tamén, obviamente, no seu contexto

histórico e xeográfico, no que 50 millóns de europeos emigraron a outros destinos, especialmente a terras americanas.

Creo non equivocarme ao afirmar que nin unha soa familia galega se librou da emigración, porque este foi un fenómeno transversal que afectou a todas as clases sociais, áinda que a súa incidencia fose inversamente proporcional ao nivel de renda.

Durante moitas décadas e para moita xente, facer a maleta era praticamente a única saída nun contorno de absoluta ausencia de recursos económicos ou de alternativas laborais.

Galicia ten unha débeda impagable coa emigración, con variables no ámbito económico, no social, no cultural e en tantos outros como alcanzar poida a nosa imaxinación. Alcance case infinito e pendente áinda de estudar con detalle en moitos ámbitos.

Dimensión económica que se traduciou no envío de remesas de cartos que permitiron redimir foros, mercar terras e inmobles, construír ou arranxar casas e explotacións, implantar negocios ou mesmo mecanizar o noso campo, impulsando, deste xeito, a transición desde o arado romano á propulsión diésel.

Dimensión social polo contacto dos nosos paisanos con novas formas de vida, fundamentalmente de carácter urbano, e a toma de conciencia respecto á importancia da educación e a formación como vías de progreso. Dimensión e alcance social reflectidos en iniciativas filantrópicas alén e aquén do mar, en forma de entidades asociativas, centros asistenciais e de formación ou iniciativas culturais de toda índole. Sirvan como exemplo as sociedades de instrucción impulsadas pola emigración, as denominadas escolas de indianos, con centos delas espalladas por toda o territorio de Galicia.

Dimensión formativa porque as remesas da emigración permitiron cursar estudos a moitas mozas e mozos galegos que contribuíron e contribúen ao engrandecemento do país.

Dimensión cultural, por suposto. Numerosos persoeiros da nosa cultura pasaron boa parte das súas vidas fóra da Galicia territorial, onde deron forma a obras senlleiras da literatura ou da arte galega. Ao tempo, somos debedores do impulso e o patrocinio que a emigración prestou a iniciativas como a Real Academia Galega, o Himno Galego ou a edición de infinidade de libros, por citar só tres do que podería ser un infinito ronsel de exemplos.

A emigración acolleu cos brazos abertos os nosos exiliados e acubillou o nacemento do Consello de Galiza presidido por Castelao e integrado polos deputados galegos do exilio nun intento de dar continuidade ao proceso autonómico truncado pola guerra civil.

Sexa en América, en Europa, na Península Ibérica ou en calquera recuncho do mundo onde teña recalado un fillo de Galicia, a emigración galega enfóntase agora a un reto nunca antes coñecido: o de preservar o seu legado material, mais tamén o de conservar e manter viva a súa memoria, inmaterial pero igual de valiosa.

Aínda que nada hai sen esforzo, e este non será un esforzo menor, sei ben que para facer realidade esta arela podemos contar coas mans de todas e todos, especialmente das segundas e terceiras xeracións de galegos. Sirva esta Medalla do Parlamento de Galicia, que representa á totalidade do pobo galego, para apoiar e alentar os protagonistas desta tarefa titánica.

Señoras e señores: esta homenaxe á emigración galega propicia tamén unha reflexión e un compromiso para cantes temos o privilexio de exercer responsabilidades públicas, sexa na órbita do Goberno ou da oposición; sexa no ámbito local, no autonómico, no estatal ou no europeo; sexa, mesmo, no ámbito educativo, ou no seo das familias, xa no ámbito privado. Refírome á obriga e ao compromiso de traballar sen desmaio e seguir creando as condicións acaídas para que emigrar sexa só, agora ou no futuro, unha opción voluntaria, e nunca unha obriga case ineludible.

Sería insensato ollar cara aatrás sen contemplar outra realidade cotiá: a inmigración que trae zume novo a unha Europa avellentada;

inmigración necesaria, pero inmigración ordenada, respectuosa coa lei e sempre integrada nas sociedades de acollida. Fariamos ben en seguir alentando, como ata o de agora, o retorno dos descendentes dos nosos emigrantes, retornados cos que compartimos valores, cultura, idioma e sentimentos, sempre garantes dunha integración efectiva.

O 15 de agosto de 1959, ao remate da derradeira visita de Otero Pedrayo á Arxentina, o seu amigo Ramón Suárez Picallo pronunciou un sentido discurso de despedida no que lle fixo un encargo especialmente entrañable:

«Queremos, todos, —dixo— facerche unha manda: Cando chegues á patria e molles as mans nas ondas do mar de Vigo que cantou Martín Codax, acórdate dos que estamos nesta outra beira do mar Atlántico. Cando chegues ós piñeiraes, fálalles de nós; fálalles de nós ós ríos, fálalles de nós ós albres, fálalle de nós ós trigales e ó piñeiraes, e ós centeares; fálalles de nós a todo, porque todo vive en nós e está en nós. Porque todo é Galicia».

Tiña razón Suárez Picallo. Todo é Galicia: a Galicia territorial e a Galicia universal, e así o reiteramos hoxe recoñecendo á emigración no seu conxunto coa maior distinción que o Parlamento de Galicia pode outorgarlle.

A todas e a todos, e de maneira especial aos irmáns da emigración galega: moitos parabéns e moitas grazas.